

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0275	Materiais téxtiles e pel	2023/2024	7	187	224

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSE ALONSO RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

En base á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ó Real Decreto 1538/2206 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, fixéronse as bases da estrutura dos títulos de formación profesional a nivel do Estado.

En base a esta e outra normativa, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer os currículos dos ciclos formativos no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, aprobouse o Decreto 72/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO correspondente ao título de TÉCNICO EN CONFECCIÓN E MODA.

Segundo o devandito Decreto, o módulo de MATERIAIS TEXTILES E PEL inclúese no CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CONFECCIÓN E MODA pertencente á Familia Profesional Téxtil, Confección e Pel. O ciclo ten unha duración total de 2000 horas distribuídas en 6 trimestres que corresponden a 2 anos académicos. Este módulo impártese no primeiro, segundo e terceiro trimestre, é decir, no primeiro curso. Ten unha duración de 187 horas, que se distribúen en 7 sesións semanais de 50 minutos de duración.

Dentro do sector produtivo no que se ubica o perfil profesional do técnico en Confección e Moda, este poderá exercer a súa actividade en postos de traballo como:

- Confeccionista.
- Axudante de xastrería e modistería.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Cortador/a de pezas e artigos téxtiles.
- Operador/a de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/a ensamblador/ora.
- Marcador/a cortador/a de pezas e artigos en téxtil e pel.
- Pasador/a acabador/a.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	As fibras téxtiles e as súas propiedades	Fibras téxtiles naturais e químicas, características, propiedades e usos.	60	25
2	Fios	Tipos de fíos, características, numeración, torsión, etc. Proceso de fabricación.	24	10
3	Etiquetaxe téxtil e pel	Etiquetaxe de fabricación, composición e conservación	10	5
4	Elementos complementarios	Fornituras e accesorios usados na fabricación de pezas e artigos, de calzado e marroquinería.	12	5
5	Tecidos (tecidos de calada, tecidos non tecidos, tecidos de punto. Os acabados dos tecidos.	Tecidos, clasificación, características, fabricación, usos. Análise dos tecidos.	70	25
6	Tecidos técnicos	Tecidos técnicos características, propiedades, fabricación, e usos.	12	10
7	Peles e coros	Tipos de peles e clasificación. Proceso de ribeira, curtido, acabados e tintura de peles para peletería, calzado e marroquinería.	36	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	As fibras téxtiles e as súas propiedades	60

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.	SI
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de fibras e de fiós.
CA1.2 Clasifícanse as materias téxtiles segundo a súa natureza.
CA1.3 Defínense as características e as propiedades das materias téxtiles.
CA1.4 Defínense os parámetros básicos de materias téxtiles.
CA1.5 Descríbense os defectos máis usuais nas materias téxtiles.
CA1.6 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.
CA1.7 Descríbense os usos e as aplicacións das materias téxtiles.
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.6 Aplícase a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Fibras, fiós e tecidos.
0Esquemas dos procesos de obtención de materias téxtiles
Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.
Tipos e clasificación materias téxtiles.
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Simboloxía normalizada.

**Contidos**

Tipos e defectos máis comúns.

Procedementos de identificación de materias téxtiles.

Equipamentos e instrumentos de identificación.

Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.

Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.

Condições óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.

Criterios de manipulación: simboloxía.

Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.

Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.

Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Fios	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.	NO
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de fibras e de fíos.
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verifícanse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.
CA4.6 Aplícase a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Fibras, fíos e tecidos.
0Esquemas dos procesos de obtención de materias téxtiles
Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Tipos e defectos máis comúns.
Procedementos de identificación de materias téxtiles.
Equipamentos e instrumentos de identificación.
Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.
Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
Condicións óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.
Criterios de manipulación: simboloxía.
Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.

**Contidos**

Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.

Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Etiquetaxe téxtil e pel	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece materias téxtiles, e describe as súas propiedades e as súas aplicacións.	NO
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.3 Identificouse a simboloxía de composición de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verificáronse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Simboloxía normalizada.
Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
Criterios de manipulación: simboloxía.
Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.
Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.
Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos complementarios	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica elementos complementarios en relación coas súas aplicacións en confección, calzado e marroquinaría.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse accesorios en confección e calzado.
CA3.2 Identifícanse elementos de recheo, de reforzo, de suxeición, etc.
CA3.3 Recoñécense fornituras e avíos (orla, entremedio, bies, etc.).
CA3.4 Identifícanse tipos de adobíos.
CA3.5 Relacionouse o elemento complementario coa súa función.
CA3.6 Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Tipos e defectos máis comúns.
Natureza e características.
Presentación comercial de elementos complementarios.
Gornicións e avíos: orla, entremedio, fita, bies, cordón, pasamanaría, etc.
Complementos: cremalleiras, botóns, voantes, reberetes, vivos, vaíñas, bispeis, etc.
Complementos de recheo ou reforzo: acolchamento, flanela, crina vexetal, plumas, etc.
Aplicación de elementos complementarios na fabricación de artigos.
Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.
Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
Condicións óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.
Criterios de manipulación: simboloxía.
Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.



**Contidos**

Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Tecidos (tecidos de calada, tecidos non tecidos, tecidos de punto. Os acabados dos tecidos.	70

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.2 Identifícaronse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verificáronse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fibras, fios e tecidos.
0Esquemas dos procesos de obtención de materias téxtiles
Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Tipos e defectos máis comúns.
Procedementos de identificación de materias téxtiles.
Equipamentos e instrumentos de identificación.
Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.
Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
Condicións óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.
Criterios de manipulación: simboloxía.
Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.
Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.
Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.
Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.



**Contidos**

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Tecidos técnicos	12

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO
RA5 - Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verifícanse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.
CA4.6 Aplícase a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA5.1 Identifícanse as áreas máis representativas onde interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agro, construción, protección persoal, etc.).
CA5.2 Recoñécense os seus usos e as súas aplicacións.
CA5.3 Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.
CA5.4 Defínense as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.
CA5.5 Identifícanse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
0Esquemas dos procesos de obtención de materias téxtiles
Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.
Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.
Condições óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.
Criterios de manipulación: simboloxía.

**Contidos**

Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.

Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.

Normativa sobre a etiquetaxe de composición e de conservación.

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.

Características dos materiais dos téxtiles técnicos.

Aplicación dos téxtiles técnicos.

Sectores de aplicación.

Innovación de acabamentos.

Produtos e artigos intelixentes de confección e calzado: identificación, aplicacións e tendencias futuras.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Peles e coros	36

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece peles e coiros de aplicación na fabricación de artigos ou uso industrial, e identifica a súa orixe, as súas calidades e os seus defectos.	SI
RA4 - Aplica técnicas e especificacións de conservación de materiais de confección, calzado e marroquinaría, en relación coas súas características, as propiedades e o estado.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os tipos de peles e coiros segundo a súa natureza.
CA2.2 Exprésanse as características das peles coa terminoloxía, as medicións e as unidades propias.
CA2.3 Descríbese o proceso de curtadura de peles e coiros e sinaláronse os produtos de entrada e saída.
CA2.4 Descríbense os acabamentos, e indicáronse as substancias que se empregan e as características que lles confiren ás peles e aos coiros.
CA2.5 Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles debidos á súa natureza e ao proceso de transformación.
CA2.6 Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías máis frecuentes que inciden nas características do produto final.
CA4.1 Relacionouse a natureza de materias, produtos téxtiles, peles e coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA4.2 Identifícanse os tipos de materias, produtos, peles e coiros na súa embalaxe ou presentación comercial.
CA4.4 Recoñeceuse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.
CA4.5 Verificáronse as especificacións da etiqueta do material ou do produto.
CA4.6 Aplicouse a normativa sobre riscos laborais e seguridade ambiental relativa á manipulación e a almacenaxe de materias, produtos téxtiles, peles e coiros.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Tratamentos de ennobrecemento: tipos, características e propiedades conferidas aos produtos téxtiles.
Características e propiedades materias téxtiles.
Parámetros básicos dos materias téxtiles.
Aplicación e uso.
Tipos e defectos máis comúns.
Natureza e características.
0Procedementos de identificación das peles curtidas.
Aplicacións das peles rematadas na fabricación de artigos.

**Contidos**

Defectos nas peles: en bruto, curtidas e de fabricación.

Manipulación e clasificación comercial.

Limpeza e mantemento.

Estrutura e partes da pel.

Tipos de peles: segundo a raza do animal, polas características superficiais e polo tipo de remate.

Esquema do proceso de curtadura.

Tratamentos previos á curtadura: conservación e ribeira. Parámetros e características que inflúen no tratamento.

Curtadura: vexetal, con cromo e con substancias sintéticas.

Tintura e engraxamento.

Secado e remate: tipos, características e parámetros.

Características e propiedades das peles curtidas.

Conservación e vida útil das materias e dos produtos téxtiles.

Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.

Condições óptimas de almacenaxe e conservación: temperatura, humidade e iluminación.

Criterios de manipulación: simboloxía.

Criterios de almacenaxe e transporte: amoreamento e incompatibilidade.

Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Normas de identificación: simboloxía e nomenclatura.

Riscos laborais e normativa de seguridade ambiental en manipulación, almacenaxe e transporte.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MINIMOS EXIXIBLES PARA ESTE MÓDULO :

Para acadar o aprobado os alumnos e alumnas deberán ser capaces de:

- Coñecer as características e as propiedades das materias téxtiles.
- Identificar os tipos de fibras e de fíos e os seus usos.
- Coñecer os distintos métodos de obtención de fíos
- Recoñecer a simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros
- Coñecer os usos e aplicacións dos chamados téxtil técnicos e tecidos intelixentes nas distintas áreas nas que interveñen.
- Identificar os elementos complementarios no vestir, os seus usos e adecuación dos elementos complementarios ao modelo ao que se vai a aplicar.
- Coñecer os tipos de peles e coiros segundo a súa natureza , os procesos de curtiduría e os seu posibel acabamentos.
- Valorar as repercusións dos defectos máis comúns en coiros e peles debidos á súa natureza e ao proceso de transformación.
- Recoñecer os distintos tipos de tecidos según ao modo de elaboración.

- O alumnado deberá superar polo menos o 50% dos criterios de avaliación dos considerados mínimos exigibles de cada unha das unidades didácticas.

- A cualificación dos resultados de aprendizaxe virá dado utilizando os instrumentos correspondentes.

- Realizarase una proba escrita por unidade didáctica.

- O alumno deberá superar un exame de avaliación aprobando polo menos o 50% dos criterios de avaliación dos considerados mínimos exigibles de cada unha das unidades didácticas. Se algunha das probas non acada o 50% , terá que ser recuperada en xuño.

- A proba escrita poderá incluír preguntas de teoría impartida na aula, conceptos aprendidos en actividades dentro e fora da aula e exercicios realizados para completar o tema.

- No caso de que os exercicios formen parte da proba escrita , o alumno ha de acadar un mínimo do 50% dos criterios de avaliación dos considerados mínimos exigibles do que se pide nos mínimos exigibles, para superar o módulo.

- A realización dos traballos e exercicios propostos é requisito indispensable para superar o módulo. De non entregar os traballos correspondentes o alumno non superará os mínimos exigibles e recuperará a parte de dito traballo non superado, no exame final de xuño, de maneira teórica.

- O profesorado non correxirá os traballos entregados fóra de data, en formato non adecuado ou se non se entrega pola vía solicitada, ( aula virtual ou correo xunta).

- As notas das partes superadas , gardaranse hasta xuño , mes no que se farán probas das partes non superadas .

- O alumnado que , por mor das súas faltas de asistencia chegue a PD ( perda do dereito á avaliación ) , terá que ir a un exame final con toda a

materia , como se especifica no apartado 6b.

- Para un aproveitamento das clases , prégase aos alumnos a participación na clase e nas actividades propostas , constancia no traballo día a día , rendemento nas clases de traballo con ordenadores e bibliografía. O respecto polos seus compañeiros , profesorado, centro e a non alterar o orde nas aulas.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACION PARA ESTE MÓDULO POR AVALIACION EN MODALIDADE PRESENCIAL

Unha vez superada a proba de avaliación, a nota resultante acadarase aplicando os seguintes criterios de cualificación:

- Proba escrita 60% e traballos realizados na clase 40%. Para poder realizar as ponderacións indicadas é necesario ter unha nota mínima de 5 sobre 10 nas dúas partes (Proba escrita e traballos).

- A cualificación dos resultados descrita publicaranse nos boletíns de cada trimestre. , excepto na última avaliación previa ás nota finais . Nesta última avaliación e na avaliación final obterase a nota facendo a media aritmética das notas obtidas ó longo do curso aplicando o porcentaxe de cada nota especificado nesta programación no apartado 3.

\_ Para poder aplicar a media , é requisito indispensable acadar os mínimos exisibles en cada unha das notas parciais, polo que a nota do módulo aparecerá suspensa ata que se recuperen , en Xuño as partes nos superadas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS DE 1º QUE SUSPENDAN ALGÚN EXAME DE AVALIACIÓN, POR NON ACADAR UN 50% DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS CONSIDERADOS MÍNIMOS EXISIBLES NA PARTE DE EXERCICIOS OU NA PARTE TEÓRICA EN MODALIDADE PRESENCIAL

Para este caso ,entregaráselle ao alumno un informe individualizado (MD.75.AVA.01) do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01) realizado polo profesorado.

- Manteráanse as partes superadas polo alumno nas distintas avaliacións , xa sexan da parte teórica ou exercicios, polo que non terá que repetir exame nin exercicios xa superados.

- No caso de non ter superada algunha proba escrita ou parte de exercicios estas faránse no mes de xuño . Será necesario acadar a nota de un mínimo de 50% DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS CONSIDERADOS MÍNIMOS EXISIBLES en cada unha delas para poder facer media e superar o módulo.

Os criterios de cualificación rexeranse polos especificados no apartado cinco.

Criterios de cualificación:

- Proba escrita: 100%. Para cada unha das avaliacións na que un 80% mínimo será de teoría e un 30% máximo basearase nos exercicios realizados durante as clases . Nesta proba escrita , só terá que completarse a parte non superada durante o curso ( teoría ou de exercicios ) xa que a puntuación das partes superadas conservarase na súa totalidade.

- Media aritmética de todas as avaliacións para a nota final.

#### RECUPERACIÓN DO MODULO PARA ALUMNOS DE SEGUNDO CON ESTE MODULO PENDENTE DE PRIMEIRO

O alumno deberá superar unha única proba (na data fixada) na que se reflectan os contidos mínimos, cun total de nota de un 50% DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS CONSIDERADOS MÍNIMOS EXISIBLES para poder superar o módulo.

Criterios de cualificación:

- Proba escrita: 100%,

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito a avaliación no módulo, acadarase cando o alumnado supere en faltas sen xustificar o 10% das horas de dito módulo.

A non asistencia a visitas a empresas ou a actividades extraescolares computarán coma falta de asistencia.

Aqueles alumnos que teñan perda de dereito a avaliación deberán realizar no mes de xuño, antes da avaliación final, unha proba escrita de toda a materia, na que o alumno deberá ter unha puntuación mínima do 50% DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS CONSIDERADOS MÍNIMOS EXISIBLES.

A nota resultante obterase aplicando os seguintes criterios de cualificación:

- Proba escrita: 100%

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación pasará polas seguintes fases ó longo do curso :

- Será realizada polo profesorado e revisada pola xefatura ao inicio de curso .

- Será sometida a seguimento ó longo do curso , utilizando o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 .

A orde de Avaliación , no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo , indicando o grao de cumprimento .

- A final do curso , entregarase unha memoria final do módulo , utilizando o modelo MD.75.PRO.04.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización

- O logro dos obxectivos programados

- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de educación, daremos resposta á atención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estamos a nos referir a alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos con altas capacidades intelectuais, así como alumnos extranxeiros incorporados ao noso sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, se revisarán os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tanto na avaliación inicial coma no arranque do curso, poden detectarse alumnos con posibles dificultades para o seguimento das actividades e o aprendizaxe da materia ou polo contrario, alumnos con capacidades por encima da media

Nestes casos, darase un apoio educativo personalizado, previo acordo co equipo docente, os tutores e o departamento de orientación.

En reunión docente do ciclo, evaluaranse medidas posibles a aplicar, para alumnado con dificultades de aprendizaxe que según o caso poden ser:

- Proposta de traballos e actividades de reforzo que permitan a o alumnado con dificultades acadar os contido mínimos exisibles.
- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado con dificultades, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Daráse a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento.
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.

En reunión docente do ciclo, evaluaranse medidas posibles a aplicar, para alumnado con altas capacidades de aprendizaxe que según o caso poden ser:

- proposta de traballos e actividades de ampliación que permitan a o alumnado con altas capacidades manter o interese e curiosidade polo tema.
- Proposta de bibliografía de consulta para facer ampliacións do tema.
- Deseño de tarefas de ensinanza e aprendizaxe con un nivel de dificultade superior, como fomento da súa curiosidade e a súa capacidade de traballo.
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con altas capacidades.

De non ser suficiente a aplicación de estas propostas, o equipo docente, poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilización modular, de modo que o alumnado nesta circunstancia poida cursar o ciclo formativo cunha temporalización ampliada distinta á establecida con carácter xeral, fragmentado o curso por módulos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, tódolos contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e a o Medio Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene.

Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de conseguir persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.

Ó longo de todo o curso, favoreceranse os seguintes:

- Aprendizaxe sobre a Covid , os seus modos de transmisión e as medidas preventivas a tomar
- Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.
- Facilitar a plena integración do alumnado procedente de fóra de Galicia.
- Facer uso común das novas tecnoloxías, TIC.
- Igualdade entre mulleres e homes
- Integración do alumnado con discapacidade.
- Fomentar o traballo en grupo así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de través de diferentes actividades.
- Reciclar papel e material sempre que sexa posible e concienciar da importancia do consumo responsable
- Fomento da creatividade , tanto nas actividades lectivas coma na resolución de conflitos.
- Interés polo mundo que nos rodea e polas novas que poidan ter algún impacto ou poidan verse como exemplo nos distintos temas vistos no módulo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo visitas a empresas téxtiles. Tanto o calendario como as empresas determinaranse ó longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos pode recibir.

Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social